

## CAMPIONATO PROVINCIAL DE CAMPO A TRAVÉS

Sábado 12 de Febreiro do 2022, Praia de Cabío (A Pobra do Caramiñal)

**ORGANIZAN:** O Servizo de Deporte da Coruña, da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia

**COLABORAN:** Concello da Pobra do Caramiñal, Federación Galega de Atletismo, Agrup.Dep. Escolar As Rías, A.D. do Barbanza.

### **PARTICIPANTES**

Competición destinada aos deportistas das distintas entidades da provincia da Coruña participantes no programa XOGADE, e que formalicen previamente a súa inscrición, ademais de ter feita a mutualización obrigatoria dos/as corredores/as na web: <https://inscripcion-xogade.xunta.gal> (Xogade); é dicir, que estean dados de alta na actividade deportiva escolar, modalidade de Campo a Través do programa XOGADE, formando parte da súa entidade correspondente.

### **IDENTIFICACIÓN E ACREDITACIÓN DOS PARTICIPANTES**

*Os participantes deberán, se se lle require, aportar o carné de “Xogade” na cámara de chamadas, que facilita o programa informático na páxina de Internet <https://inscripcion-xogade.xunta.gal>. De non ser así, é aconsellable vir provistos de D.N.I.*

En calquera momento, o Xuíz Árbitro da competición ou calquera membro da organización cualificado para elo, poderá solicitar a IDENTIFICACIÓN dos participantes. Polo tanto, os delegados da cada clube ou colexio deberán portar o día da proba o listado da identificación dos atletas dos que sexan responsables

### **CATEGORÍAS**

**BENXAMÍN:** nados nos anos 2013-2014 masculino e feminino.

**ALEVÍN.....:** nados nos anos 2011-2012 masculino e feminino.

**INFANTIL...:** nados nos anos 2009-2010 masculino e feminino.

**CADETE.....:** nados nos anos 2007-2008 masculino e feminino.

As carreiras organizaranse por categoría e por sexo, facendo saídas cada 20” por quendas dun máximo de 20 participantes cada unha. Na categoría cadete haberá unha única saída para homes e outra para mulleres.

### **SECRETARÍA PROBAS**

A Secretaría xeral da competición, estará debidamente sinalada dentro do circuíto, lugar onde recollerán os dorsais os adestradores ou delegados das entidades participantes

### **SISTEMA DE COMPETICIÓN CAMPIONATO PROVINCIAL**

Esta proposta é realizada tendo en conta o contexto da situación sanitaria na que nos atopamos.

A actividade respectará o protocolo FISICOVID da Federación Galega de Atletismo.

**Por mor das limitacións impostas polo Covid-19, e en aras do bo desenvolvemento da proba, permitirase a participación dun máximo de dous equipos por entidade e categoría/subcategoría.**

### **PROTOCOLO**

### **Atletas de categoría cadete**

- Antes da entrega do dorsal deberán presentar certificado de vacinación COVID ou da realización dun test de antíxenos ou PCR negativo cunha antelación máxima de 72h á celebración da proba; ou certificado médico conforme se superou a infección por COVID-19 nun período comprendido entre os 11 e os 180 días anteriores a celebración da proba.
- Haberá unha única saída, todos os participantes deberán portar máscara no inicio da proba podendo retirala no momento que se garanta a distancia de seguridade durante o transcurso da proba, na chegada a meta os participantes deberán colocala novamente. No caso de ser necesario a organización facilitará máscaras de reposto.

### **Atletas de categoría benxamín, alevín e infantil**

- Declaración responsable programa Xogade entregada a entidade correspondente.
- *Saídas en quendas de ata 20 participantes que deberán manter a distancia de seguridade de 1,5m na saída, e que poderán retirar a máscara no momento da indicación do xuíz de saídas antes do disparo. A cadencia entre quendas será dun mínimo de 20 segundos. Unha vez finalizada a carreira, o atleta deberá colocar a máscara, empregando unha persoal ou a facilitada pola organización.*

### **LUGAR E DATA**

**Sábado 12 de Febreiro do 2022, no circuito da Praia de Cabio (A Pobra do Caramiñal)**

### **HORARIO**

**Entrega de dorsais.....:** 10:00 horas, ou 30 minutos antes da proba correspondente na que participen  
**Desenrolo da Proba..:** Dende as 11.00 - 13.30 horas

### **PREMIOS**

Unha vez rematada a proba de cadetes masculinos..  
Entregaranse medallas aos 3 primeiros/as clasificados/as individuais de cada categoría, trofeos aos 3 primeiros equipos clasificados de cada unha, e medallas aos/ás integrantes destes equipos.

### **INSCRICIÓN**

A inscrición dos/as atletas participantes neste Campionato Provincial de Campo a Través Escolar, **rematará ás 23.59 horas do domingo 6 de febreiro do 2022.**

A inscrición farase:

- a través da web <https://isis.rfea.es/sirfea2/> (exclusivo para clubs federados en campo a través).
- No caso de entidades que non estean federadas (centros educativos, agrupacións deportivas, ... ), a inscrición farase cubrindo unha folla de cálculo (Excel, LibreOffice Calc) de inscrición

*na que se faga constar nome e apelidos do/a deportista, data de nacemento, categoría e nome do Club/Colexio, e que terán que enviar por correo electrónico a [competicion@fgatletismo.com](mailto:competicion@fgatletismo.com)*

O día da competición, os/as delegados/as oficiais de cada equipo poderán realizar un máximo de DOUS cambios en cada categoría, sobre a inscrición previamente realizada. Estes cambios formalizaráanse na Secretaría de Competición, até 30 minutos antes do comezo da proba correspondente, momento no que finalizará o prazo de confirmación. Esta posibilidade non exclúe de ter debidamente mutualizados/as aos/as corredores/as.

#### **DORSAIS**

Os dorsais serán facilitados pola Organización a través da Secretaría, a partires das 10.00 h da mañán, ou até 30 minutos antes do comezo de proba correspondente. Só se permitirá o uso dos dorsais facilitados, que non poderán cortarse, dobrarse ou ocultarse de xeito algún.

Os/as participantes quedan obrigados a levar os dorsáis no peito, descalificándose o que non a leve así.

#### **COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS**

Cada equipo estará formado por un mínimo de catro e un máximo de seis corredores/as, dos/ as que puntuarán os/as catro mellor clasificados/as ou tres (só na categoría cadete). Non se poderá completar un equipo con atletas de categorías inferiores.

Os equipos estarán formados polos seis primeiros deportistas que entren na meta de cada categoría e sexo, polo que non será necesario indicar os componentes de cada un na inscrición. Na clasificación final por equipos recolleranse un máximo de dous por entidade indicándose co engadido “A” e “B”.

Todos os participantes deben presentarse portando a camiseta do seu club ou centro, da mesma cor.

**Os equipos que non completen o mínimo esixido, poderán participar a título individual**

#### **CLASIFICACIÓNS**

Estableceranse dúas clasificacións:

- **Individual.....:** Segundo a orde de entrada na meta.

- **Por equipos..:** A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 4 (benxamín, alevín, infantil) ou 3 (cadete) atletas mellor clasificados de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivera a mellor clasificación o último dos seus corredores que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.

**Para o campionato galego de alevín, infantil e cadete, clasificaranse os 2 mellores equipos de cada fase provincial, así como os 10 primeiros atletas clasificados individualmente que non estiveran incluídos nos equipos clasificados.**

No caso de producirse renuncias da clasificación individual non se farán “repescas” dos seguintes clasificados/as. Os atletas clasificados individualmente que formen parte dun equipo, non contarán para o reconto de clasificados. *Exemplo: O “Equipo A” foi o primeiro equipo clasificado, con 3 atletas entre os 10 primeiros, clasificarían as posicións 11, 12 e 13 para a fase autonómica.*

En casos excepcionais, ou por interese da selección galega, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá

autorizar a participación de atletas a título individual que non participasen neste campionato provincial, previa proposta razoada da FGA, e debidamente documentada.

#### DISTANCIAS E HORARIOS

Categoría	Distancia aproximada	Saída das Probas:
Benxamín feminino	800 m	11.15 h.
Benxamín masculino	800 m	11.30 h.
Alevín feminino	1300 m	11.45 h.
Alevín masculino	1300 m	12.00h,
Infantil feminino	1800 m	12.15 h.
Infantil masculino	1800 m	12.30 h.
Cadete feminino	2300 m	12:50 h.
Cadete masculino	2300 m	13.10 h.

*Todos os atletas pasarán pola cámara de chamadas, 20 minutos antes do comezo da súa proba.*

#### ASISTENCIA SANITARIA/ AMBULANCIA

No caso de lesión os/as deportistas serán atendidos/as en primeira instancia na ambulancia, sita no mesmo circuíto, e no caso que sexa necesario trasladalos/as a un centro médico, informárase a organización da proba e ao persoal da ambulancia, para indicar o protocolo de actuación.

#### TELÉFONOS ORGANIZACIÓN

Servizo de Deporte A Coruña

Teléfono: 881960767

Agrupación Deportiva “As Rías”

Móbil 670564597

Correo Electrónico: [deportes.coruna@xunta.es](mailto:deportes.coruna@xunta.es), [adasrias@gmail.com](mailto:adasrias@gmail.com).

#### TRANSPORTE

As entidades que veñan de fora de A Pobra do Caramiñal, e precisen transporte, deberán solicitalo ao Coordinador da súa Zona, indicando nome entidade, concello, lugar e hora de saída, nome delegado e móbil de contacto, e enviar dita solicitude **antes das 23.59 horas do domingo 6 de febreiro do 2022**, unha vez formalizaran a súa inscrición na proba, aos correos que se indican a continuación:

Zona Coruña...: [sdbus.coruna@xunta.gal](mailto:sdbus.coruna@xunta.gal)

coordinador: Servizo Deporte

881960767

Zona Ferrol.....: [deporteidadeescolar@hotmail.com](mailto:deporteidadeescolar@hotmail.com)

coordinador..: José Amando (móvil:

660/211.720)

Zona Noia.....: [adasriasdbus@gmail.com](mailto:adasriasdbus@gmail.com)

coordinador.: Manolo

Fontenlos (móvil: 670/564.597)

Zona Santiago.: [paalva53@edu.xunta.es](mailto:paalva53@edu.xunta.es)

coordinador.: Francisco Álvarez (móvil:

689/459.794)

#### OUTRAS NORMAS

Todo o non disposto neste regulamento resolverase de acordo á normativa XOGADE e atendendo ao descrito no protocolo FISICOVID da Federación Galega de Atletismo.